

## IDEARIO ÍNTIMO

Desde Lisboa, as Edições Tema ofrécennos, como xa adoitan, un poemario sorprendente que, asinado por Fernando Rodríguez Gómez, leva por título *A mala idea*. Trátase máis ben dun conxunto de sentencias onde se manifesta a voz, sarcástica e irónica pero sempre derrotada, dun ser que reflexiona sobre os diversos aspectos da vida. Así, a tristeza, a denuncia social, a monotonía e a loucura pasan polo filtro dunha lucidez extrema que se dirixe á esencia última das cousas. Este é o coñecemento que nos revela o autor desde a gravidade que aflora en cada palabra - “*Loucura/ Xa non preciso de chuvia/ para pasear co paraugas aberto pola rúa*”- e desde a vivencia compartida do seu ideario íntimo.

*Tempos Novos*, 71, abril 2003, p. 80